



# Tras da roda polo mundo

## Conversas con afiadores I

**Francisco X. Gómez Cano**

### A XEITO DE PREÁMBULO

A pouca xente lle disgustaría esa idea tan romántica de marchar polas xeografías do mundo, e deixar tras de sí unha poeira de somas. Mais poucos, serían, ou seríamos os que nos atrevésemos finalmente a facelo. Coido eu que de ahí debe xurdir esa admiración que moita xente, incluído eu mesmo, sentimos pola figura do Afiador, como símbolo de independencia, de liberdade, e mesmo de aventura. Debo reconocer que esa idea tan inxenua pola miña parte e tan alonxada da realidade, como máis tarde descubrín, foi o que, nun principio, me atraeu destas personas que áinda adolescentes, cáseque nenos, marchaban das súas aldeas a percorrer os camiños do

*“Óllaos pasar.  
As veces penso  
fuxir con eles prás iñotas  
xeografías do mundo  
por tódolos camiños, de revolta en revolta  
nos que ó millor áinda me agarda  
o soño que albisquei nas tristes horas.*

*Óllaos pasar deixandoatrás  
unha poeira de tristes somas.”*

**Antón Tovar Bobillo**  
do poema “Afiadores”, do seu libro *“Arredores”*.

mundo, e algúns deles, para nunca volver.

Logo, e áinda que me seguín negando a eliminar da miña cabeza a idea dos afiadores coma pequenos conquistadores-aventureiros galegos, funme dando conta, gracias ós libros sobre o tema e sobre todo ás conversas cos propios afiadores, que a decisión de marchar das súas terras tiña pouco de espíritu aventurero, nada en absoluto de romanticismo, algo de tradición familiar nas súas casas, e moito de nece-

sidade de buscar un camiño na vida que difficilmente podían atopar nas súas aldeas.

Se me permitides unha reflexión que non podo evitar áinda que quizais esté un pouco alonxada do tema, quero dicir que podería parecer en principio que agora non existe esa necesidade de labrarse un futuro fora de este país. Dende logo que a situación actual nas nosas aldeas e na nosa provincia non é comparable coa de finais do século XIX -primeira metade do século XX, anos nos



*Principais puntos de orixe e destino dos afiadores ourensanos.*



que se producíu principalmente a saída de máis afiadores. Mais, ¿non é verdade que tantos ou más coma os que antes marchaban detrás dunha roda de afiar, ou coa maleta ó lombo, vense obligados a marchar agora tras dun posto de traballo lonxe da nosa terra? Porque se antes Ourense era terra de afiadores, agora o é de opositores. Antes, terra da chispa, ¿agora?... Seguramente todo esto do que falo sexa establecer un paralelismo estrano para moitos. Quizáis se poida pensar que lle trato de buscar os tres pes ó gato. Eu coido sinceiramente que existe aínda no sustrato sociolóxico, esa necesidade de "buscarse a vida" fora dunha terra que desgraciadamente é deficitaria en postos de traballo, sendo tan rica

en capital humano. Máis perdoádeme de novo que me perdera nestas cavilacións, que non obstante, me axudaron a comezar este "artigo".

E sinalo o de "artigo" entre comillás, pois esta miña pequena aportación, (máis ben debería decir "nosa": gracias Florencio, gracias Xavi, gracias Marta ) a este homenaxe os afiadores, non é máis que a transcripción, máis ou menos literal, dalgunhas conversas que mantivemos eu mesmo e algúns dos meus compañeiros e compañeiras con varios afiadores, uns vellos e outros non tanto. Aínda que uns seguen en activo e outros xa están xubilados, todos foron capaces de afiar ben fina aúa memoria para lembrar os anos

que pasaron fora do país tras da súa tarazana.

Que ningúén busque nestas liñas unha análise sociolóxica ou antropolóxica da figura do afiador. Sería disparatado pola miña parte o pretender tal, cando hai publicados traballos sobre o tema tan fascinantes coma os de Xosé Antón Fidalgo Santamaría, que publica outro artigo nesta revista, ou de Olegario Sotelo Blanco, traballos os que prácticamente debería referirme en cada párrafo, e a lectura dos cales debe resultar imprescindible para aquelas persoas que quieran descubrir unha análise máis científica do tema.

A miña idea era simplemente o conseguir que aqueles que che-



gasen a ler estas conversas se asombraran da historia que encerra cada afiador, e que coma se dunha película se tratase, se poideran meter, por exemplo, na cabeza de D. Xoán (ó que máis tarde coñecerán) cando con dezaseis anos marchou co seu cuñado para Castela, prácticamente co posto. Ou coma me pasou a min mesmo, que o lector se quedara asombrado coa historia do Sr. Luís, que con trece anos marchou polo mundo adiante “porque lle gostaba máis afiar que ir á escola”,...ou coa do Sr.Santos, que tivo que “escapar” do seu pobo hacia o Brasil, porque “o ían levar preso”, sen imaxinar que ía pasar máis de trinta anos lonxe da súa terra...Todas elas son historias dignas dunha novela de aventuras, ou dun guión cinematográfico, e o que más sorprende de todo é a resignación e a naturalidade coa que as contan os seus protagonistas, que nos casos que nos ocupan, polo menos conseguiron voltar ó seu fogar. Moitos nunca volveron nin volverán.

Hai que dicir que o contacto con tódolos afiadores conseguímolo a través de Florencio de Arboiro, e que quede constancia de novo aquí o meu agradecemento para el, tendo en conta ademáis que foi gracias ás conversas que mantivemos con el como se nos ocu-

rriu cal podía ser o aspecto dos afiadores no que nos podíamos centrar , xa que son tantos, coido eu, os temas a analizar. **Nós trattamos de analizar as diferentes rutas e áreas de traballo, establecendo as circunstancias nas que se movía o afiador en cada unha delas.**

E para aclarar esta cuestión debo explicar primeiro que cáseque por todo o mundo é coñecido que a área xeográfica de procedencia dos afiadores (aínda que X.A.Fidalgo sinala que hai outros Concellos na Galiza, coma Tui,...), céntrase nuns Concellos moi determinados da provincia de Ourense, todos limítrofes entre sí, e situados no que poderíamos chamar a zona norte do centro da nosa provincia. Así , como se pode ver no mapa que elaboramos, esa zona abarcaría principalmente os concellos de Nogueira de Ramuín, Pereiro de Aguiar, Esgos, Castro Caldelas e Montederramo, e quizás de forma non tan xeneralizada en canto a relación de poboación-número de afiadores, tódolos Concellos limítrofes cos anteriores, así, Chandrex de Queixa, Xunqueira de Espadañedo, Manzaneda, Póboa de Trives, Coles, a Peroxa, Parada do Sil, San Xoán de Río...

Según se cita nos libros que antes

citei e que figuran na bibliografía, e mesmo tamén como me comentou Florencio de Arboiro, (e das conversas que mantivemos cos afiadores tamén se pode deducir), **os afiadores de cada Concello (mesmo de cada aldea), tiñan como súas unha serie de rutas e áreas de traballo, de xeito que estas entraron a formar parte da tradición do oficio nos seus lugares de orixe, transmitidas de xeración en xeración, dos vellos afiadores ós mais novos.**

Como é evidente, non se pode afirmar que absolutamente tódolos afiadores dun determinado Concello ou dunha determinada aldea optasen sempre por as mesmas rutas ou zonas de traballo, mais si que parece clara a existencia dunha certa inclinación a que os afiadores que andaban a traballar nunha área determinada procedesen da mesma zona. (Por exemplo, como nos contou o Sr.Juan, un dos nosos entrevistados, moitos dos afiadores que había en Lisboa a mediados deste século eran do concello de Esgos). Mais este fenómeno non tería nada de particular, pois é moi común, por diversas causas,



en todo proceso migratorio, se non fose porque no caso dos afiadores galegos (ourensáns poderíamos decir), e como moi ben sinalou X.A Fidalgo Santamariña no seu libro adicado ós afiadores, (ver Bibliografía), estes, no seu desenrolo e aprendizaxe profesional superaban diversas etapas, adoitando en principio a pasar un tempo de “**mutilos**”<sup>1</sup>, normalmente na súa primeira saída fora da terra, tempo no que se iniciaban na profesión guiados polos seus “**naceiros**”<sup>2</sup>, afiadores xa experimentados. Era moi normal que estes mestres-afiadores fosen veciños ou mesmo familiares dos rapaces, e lles transmitisen a estes unha serie de coñecementos sobre un área de traballo que os inexpertos xóvenes non podían deixar de aproveitar nun principio ó se independizar, áinda que despois optasen por outros camiños unha vez tivesen dominado o oficio.

Resulta ademais que as condicións de traballo variaban moito dunhas áreas a outras, sobre todo baixo o punto de vista **económico**.

**co**, (en canto a ingresos e a seguinte rendabilidade do oficio que redundaba no nivel de vida dos afiadores), e o **sociolóxico** (en canto o “status” social do afiador, ou consideración que os afiadores tiñan entre os habitantes de cada zona). Non gañaban os mesmos cuartos, nem estaban igualmente considerados pola sociedade, os afiadores en Lisboa ou en América, que obtiñan uns ingresos relativamente altos e durmían sempre nas súas pensións, que os afiadores ambulantes de Castela ou Extremadura, que tiñan menores ingresos e dormían nas palleiras (en xeral).

Pero áinda máis: hai que engadir que en cada área de traballo existía ademais unha demanda de determinados oficios que o afiador podía desempeñar paralelamente á súa actividade principal e polo tanto os afiadores víanse obligados a desenrolar determinadas habilidades, logo convertidas en profesións, (quincalleiro, paragüero, cordeiro,...), co fin de aproveitar os ingresos derivados das demandas locales. Así, os afiadores que ían pola cornisa cantábrica era moi frecuente que fosen tamén paragüeros, pola humidade da zona, mentres que

os que ían cara o sur, soían ser quincalleiros ou mesmo capadore.

Poderíamos debuxar, ou máis ben esbozar, unha serie de perfís dos afiadores en función da súa área ou Concello de procedencia dentro da <sup>3</sup> “**Chaira**”, as súas rutas e áreas de traballo preferidas ou escollidas, e os oficios paralelos que soían desempeñar:

- Afiadores dos Concellos de **Nogueira de Ramuín-Coles - A Peroxa**: soían sair cara o norte da Península, por Monforte e Lugo, hacia Asturias, e o País Vasco. Tamén andaban polo Norte de Portugal e Lisboa . Case todos eran tamén Paragüeiros, o motivo é sinxelo: no norte chove máis, e a demanda de alguén que reparase os paraugas, obligábaos a aproveitar a oportunidade.

- Afiadores de **Pereiro de Aguiar**: moitos marchaban tamén cara o norte da Península, e outros cara Portugal, ben directamente en tren (coa roda facturada), ate Lisboa, e máis o sur, ou ben afiando de pobo en pobo, cruzando a fronteira por Chaves .

- Afiadores de **Montederramo**: foron moitos os que marcharon polo centro da Península, ben andando dende as súas aldeas, ou

1. “Mutilo” = aprendiz, mozo no barallete, o idioma dos afiadores.

2. “Naceiro” = mestre, amo, Ídem..

3. Chaira : Así chaman os afiadores a toda a área que abarca os distintos Concellos de donde procedían.



ben collendo o tren en Monforte ou Quiroga, ate chegar a Logroño, para seguir logo hacia Huesca ou Zaragoza. Algúns iban tamén ate Navarra, e mesmo algúñ chegou a cruzar a fronteira francesa, pero sen adentrarse moito, polos problemas do idíoma. Outros marchaban logo cara o sur, hacia Valencia, e mesmo Baleares. Neste concello había tamén moitos Cordeiros, tamén chamados Sogueiros, pero non era normal que fosen ó mesmo tempo Afiadores.

• Afiadores de **Esgos** : igual que os de Montederramo, moitos ían cara Navarra, chegando logo ate Zaragoza. Outros soían ir cara Portugal, ben de pobo en pobo

afiando e atravesando a fronteira por Chaves, ben directamente ate Lisboa ou Oporto en tren. Case todos eran paragüeiros ademáis de afiadores.

• Afiadores de **Xunqueira de Espadañedo**: case todos marchaban tamén cara o Norte de Portugal e Lisboa.

• Afiadores de **Chandrexas de Queixa**: case todos eran ademáis de afiadores, "Chatoleiros" (zapateiros), Aínda que non se pode establecer un área de traballo determinada, moitos ían cara Valencia, andando ate Quiroga, en Lugo, para logo coller o tren ate os seus puntos de destino.

• Afiadores de **San Xoán de Río**: soían ir a afiar a Madrid, pola

Rioxa, e mesmo chegaban a baxar cara Ciudad Real e Andalucía.

• Afiadores de **Castro-Caldelas, e Trives**: por ser tantos, tampoco se pode establecer un único lugar de traballo: coñecemos de afiadores "caldelaos" en Madrid, en Lisboa, e mesmo en América..

A nosa intención foi o atopar un afiador que traballara en cada unha das zonas ou rutas que citamos, de xeito que nos falase das condicións de traballo na súa zona e poidésemos observar as diferencias existentes entre as

*... outros marchaban cara Portugal directamente en tren...*





distintas áreas. Por eso quixemos falar co Sr. Juán, natural do Concello de Esgos e que estivera afiando en Castela e en Portugal, e cos Sres. Santos e Luís, de Castro Caldelas, como representantes dos afiadores “americanos”.

Mais debo dicir que fora de esta finalidade más ou menos seria, de tratar de establecer cales eran as condicións de traballo dos afiadores en cada unha das súas áreas, e tratar de confirmar que existía unha relación bastante clara entre lugar de procedencia e área de traballo, debo confirmar que tamén persegúia con estas entrevistas, como penso que fai todo aquel que se adica, ainda que sexa por afición, coma min, a labouras máis ou menos etnográficas, o de tratar de comprender outro anaquiño do pasado das nosas xentes, e con elo, do noso país, sobre os que tantas veces pasaron (¿ou seguen a pasar?) outros coa súa roda, levantanto poeiras de tris-

tes sombras. Oxalá xa ninguén teña que colle-la roda para afiar fora deste país, pois moitos, ainda que se pense o contrario, seguen saíndo da Galiza coas súas “rodas” particulares. Miremos ó pasado e aprendamos para o futuro.

*Continuará no próximo número de Raigame:*

**“AFIADORES EN PORTUGAL”;**

Entrevista a D. Juan Formoso de Dios

**“AFIADORES EN AMÉRICA”**

Entrevista a D. Santos Díaz Sotelo e D. Luís Pérez Prieto



**Olegario Sotelo Blanco**

#### **BIBLIOGRAFÍA**


SOTELO BLANCO, Olegario: "Os Afadores, a industria ambulante". Sotelo Blanco Edicións, S.L., 1994

SOTELO BLANCO, Olegario: "Antropoloxía Cultural da Terra de Caldelas". Sotelo Blanco Edicións S.L. 1992

FIDALGO SANTAMARÍA, Xosé Antón : "O Afador". Ir Indo Edicións, S.L. 1992

OTERO PEDRAYO, Ramón : "Historia de Galiza". Akal Editor, 1979

FERNÁNDEZ OXEA, Xosé Ramón: "O Barallete". Deputación Provincial de Ourense.



Raigame

